



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: Ila

**Expediente núm. 2022/E001/000045
2023/G003/000045**

DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO

ANTECEDENTES DE FEITO

1. Mediante o Decreto núm. 1712/2022, do 9 de decembro, desta Concellaría-Delegada, acordouse convocar o proceso selectivo (concurso-oposición) para a selección dun/ha coordinador/a do Programa Integrado de Emprego do Concello das Pontes de García Rodríguez 2022/23.
2. A convocatoria e as bases que rexen o procedemento foron publicadas no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP) núm. 236 do 15/12/2022.
3. O prazo de presentación de solicitudes para concorrer ao proceso selectivo concluíu o 29/12/2022.

FUNDAMENTOS LEGAIS

A base núm. 5 das que rexen no procedemento, no que aquí interesa, sinala:

“Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego ditará resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>), e na páxina web municipal declarando aprobada a lista provisional de admitidos/ as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo improrrogable de cinco (5) días hábiles seguintes á publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Na resolución identificaranse ás persoas aspirantes que achegaron o certificado acreditativo do nivel de galego requirido e que, polo tanto, están exentas de realizar a proba de coñecementos da lingua galega. As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado non emenden a súa exclusión, xustificando o seu dereito a seren incluídas na relación de persoas admitidas, serán consideradas definitivamente excluídas. (...)”

Correspóndelle á concelleira-delegada de Recursos Humanos, Industria e Emprego ditar a presente resolución, en virtude das atribucións que lle foron delegadas pola Alcaldía a través do Decreto núm. 993/2019, do 24 de xuño (BOP núm. 121, do 28/06/2019).

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. Aprobar a relación provisional de persoas aspirantes admitidas ou excluídas no proceso selectivo para a selección dun/ha coordinador/a do Programa Integrado de Emprego do Concello das Pontes de García Rodríguez 2022/23.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/g/index.html>

Ref.: Ila

a) Persoas aspirantes admitidas:

APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 (ou equivalente)	Observacións (non excluíntes) ⁽¹⁾
Barro Rochela, Natalia María	***6520**	Si	
Bouza Naseiro, Pilar	***9690**	Si	
Grandal Campos, José Manuel	***0425**	Si	
Rodríguez-Losada Pérez Montero, Mariana	***9140**	Si	Non achega vida laboral para fase concurso
Sequeiro Graña, Cristina	***7189**	Si	

⁽¹⁾A aspirante pode achegar a copia da vida laboral para a súa valoración na fase de concurso, de ser o caso, no prazo de 5 días hábiles.

b) Persoas aspirantes excluídas:

APELIDOS E NOME	DNI	CAUSA EXCLUSIÓN PROVISIONAL	CELGA 4 (ou equivalente)	Observacións (non excluíntes) ⁽¹⁾
Méndez Pérez de Arévalo, María	***9162**	Non adxunta reverso título (debe presentalo polas dúas caras)	Si	Non achega vida laboral para fase concurso

⁽¹⁾A aspirante pode achegar a copia da vida laboral para a súa valoración na fase de concurso, de ser o caso, no prazo de 5 días hábiles.

2. Conceder un prazo de **5 días hábiles** -contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución no taboleiro electrónico do concello- para presentar reclamacións ou emendar os defectos existentes.

O persoal aspirante que figura como admitido e que non achegou copia da súa vida laboral para os efectos de valoración para a fase de concurso (de ser o caso), deberá achegala mediante escrito presentado por sede electrónica do Concello das Pontes, no indicado prazo de 5 días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación desta resolución no taboleiro electrónico do concello.

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos requisitos decaerán en todos os dereitos que puideran derivarse da súa participación no procedemento.

3. Publicar esta resolución no taboleiro electrónico do concello e na páxina *web* municipal, tal e como dispoñen as bases da convocatoria.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica

A concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: Ila

Ana María Pena Purriños

FIRMADO POR Ana María Pena Purriños (FECHA: 05/01/2023 13:21:00)

Decreto Nº: 43/2023 - Fecha de decreto: 05/01/2023

Jose Manuel Cabarcos Anca (FECHA: 05/01/2023 13:19:00)

Jose Manuel Cabarcos Anca (FECHA: 05/01/2023 13:19:00)

Decreto Nº: 43/2023 - Fecha de decreto: 05/01/2023

Decreto Nº: 43/2023 - Fecha de decreto: 05/01/2023
Versión imprimible

CVD: Yak+eYOKkz2bp9qPPH2F
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.